

Poden consultar o regulamento completo na páxina web www.oleiros.org ou ben solicitalo nas oficinas de Servizos Sociais.

Resumo do regulamento:

- Só poden participar as persoas **maiores de 65 anos** empadroadas en Oleiros.
- Todas as persoas deberán ser **autónomas** e contar con **preparación física axeitada para desenvolver 14 quilómetros nas rutas de sendeirismo**.
- As actividades de excursionismo e sendeirismo de 1 día terán un prezo público de 12 euros e as de fin de semana de 65 euros.
- As persoas inscritas nas rutas de excursionismo deberán **aboar a excursión na semana posterior** á súa realización. Os recibos para o pagamento entregaráselle durante a ruta no autobús.
- **Os recibos para o pagamento das rutas de sendeirismo** deberán descargarse desde a “Sede electrónica” e abonarse nun prazo de 8 días anteriores a data da saída.

- As persoas que **non realicen o pago no prazo establecido serán dadas de baixa** en todas as rutas nas que estean inscritas.
- As persoas deberán **comunicar a renuncia á praza** nun máximo de 8 días de antelación á data da saída. De non facelo así, daráselles de baixa automaticamente en todas as excursións e rutas de sendeirismo nas que estea inscrita.
- As persoas que realicen as solicitudes deben **comprobar se obteñen praza** nas datas de publicación.
- As persoas con praza na actividade de **sendeirismo** deben **participar obrigatoriamente na ruta “Os nomes de Oleiros” e na xornada de formación** que terá lugar o 24 de abril as 11:00 h da mañá no teatro As Torres de Santa Cruz.
- O Concello sempre poderá anular ou modificar rutas se o estima oportuno. Ben sexa por factores climatolóxicos, sanitarios, de participación ou por outros aspectos da organización.
- O Concello sempre poderá anular prazas en función das características da persoa solicitante e o seu comportamento.



EXCURSIONISMO ▼

■ Chamadeiros de Pontevedra no ano de Castelao

Seguindo os “chamadeiros” das rúas de **Pontevedra** e **Combarro** achegámonos á figura de Castelao, o maior referente na defensa da identidade de Galicia.

■ As pedras falan

Escoitaremos “as pedras da memoria” e coñeceremos a xeoloxía da Mariña Lucense en **Ribadeo** e á fala en **Tapia de Casariego**.

■ As Irmandades da Fala en Ferrol

Que nos contan as rúas de Ferrol das “Irmandades da Fala”? Coñeces o museo do humor de **Fene**?



● EXCURSIONISMO	CHAMADEIROS de PONTEVEDRA		AS PEDRAS FALAN RIBADEO	IRMANDADES DA FALA en FERROL
1 PERILLO	5/6/2025	30/9/2025	1/7/2025	2/10/2025
2 NÓS	22/5/2025		19/6/2025	9/10/2025
3 MAIANCA-SERANTES-DEXO-BREIXO	26/6/2025		15/5/2025	25/9/2025
4 SANTA CRUZ-DORNEDA-MONTROVE	8/5/2025	12/6/2025	8/7/2025	16/9/2025
5 OLEIROS-IÑÁS	29/5/2025		3/7/2025	4/9/2025

SENDEIRISMO ▼

■ Os nomes de Oleiros

Coñeceremos os nomes dos lugares onde vivimos e outras maneiras de comunicarse a través da lingua de signos ou o braille. Nos camiños do **norte de Oleiros**.



■ A lingua da natureza

Como nos fala a natureza neste espazo protexido no Parque Nacional das Illas Atlánticas, nas **illas Ons**?

■ A fala dos oficios

Como falaban os telleiros “cabaqueiros” no **Rosal**?, na fronteira do **Miño**.

■ Falar de castrexos

Ruta polo entorno do castro de **Baroña** e achegarnos á cultura nos castros e o uso da linguaxe simbólica.

● SENDEIRISMO	OS NOMES de OLEIROS	A LÍNGUA da NATUREZA - ONS	A FALA dos OFICIOS O ROSAL	FALAR de CASTREXOS-BAROÑA
1 PERILLO - MONTROVE	6/5/2025	27/5/2025	17/6/2025	11/9/2025
2 SANTA CRUZ - DORNEDA - SERANTES - MAIANCA - DEXO	29/4/2025	20/5/2025	3/6/2025	2/9/2025
3 OLEIROS - IÑÁS - NÓS	30/4/2025	13/5/2025	10/6/2025	9/9/2025

SENDEIRISMO DE FIN DE SEMANA ►

■ A resistencia do galego

Camiñando pola Costa da Morte, onde o galego aínda se fala maioritariamente. Fin de semana en **Fisterra**.

A resistencia do galego

TODAS AS LOCALIDADES DE OLEIROS

20 - 21 de SETEMBRO

INSCRICIÓN: Para participar debe realizar a **preinscrición preferentemente na Sede electrónica:** <https://sede.oleiros.org/> No caso de que algunha persoa non lle sexa posible realizala así, poderá facelo de maneira telefónica chamando ao teléfono 981 610 000 en horario de tarde de 16:00 a 20:00 horas nos períodos distribuídos por localidade. **Deben inscribirse nos prazos establecidos. Non se terá en conta a orde de inscrición xa que se realizará un sorteo entre todas as solicitudes recibidas.**

INSCRICIÓN TELEMÁTICA: na Sede electrónica da web www.oleiros.org

INSCRICIÓN TELEFÓNICA: 981 610 000 de 16.00 a 20.00 h

DATAS DE INSCRICIÓN EN EXCURSIONISMO 24 marzo a 2 de abril

INSCRICIÓN TELEMÁTICA

Desde 24 de marzo ata 2 de abril

INSCRICIÓN TELEFÓNICA

- 1. Perillo: **24-25 marzo**
- 2. Nós: **26 marzo**
- 3. Maianca - Serantes - Dexo - Breixo: **27 marzo**
- 4. Sta. Cruz-Dorneda-Montrove: **28 marzo -1 abril**
- 5. Oleiros - Iñás: **2 abril**

● **4 de abril** - publicación de listaxes provisionais de persoas preinscritas.

● **7 de abril** - emenda de erros.

● **O día do sorteo será o 9 de abril ás 12.00 horas.** As listaxes de admitidos/as estarán expostas o día 11 de abril.

DATAS DE INSCRICIÓN EN SENDEIRISMO 3 a 7 de abril

INSCRICIÓN TELEMÁTICA

3 - 4 - 5 - 6 - 7 de abril

INSCRICIÓN TELEFÓNICA

3 - 4 - 7 de abril

● **8 de abril** - publicación de listaxes provisionais de persoas preinscritas.

● **9 de abril** - emenda de erros.

● **O día do sorteo será o 10 de abril ás 12.00 horas.** As listaxes de admitidos/as estarán expostas o día 11 de abril.

● As persoas admitidas deberán acudir á reunión de formación e confirmación de praza o **24 de abril ás 11:00 horas** nas Torres de Santa Cruz.

DATAS DE INSCRICIÓN SENDEIRISMO FIN DE SEMANA:

(só persoas que participaron en dúas rutas de sendeirismo)

INSCRICIÓN TELEMÁTICA

1-2-3-4 de xullo

INSCRICIÓN TELEFÓNICA

3 - 4 de xullo

● **8 xullo:** publicación de listaxes provisionais de persoas preinscritas.

● **8 xullo:** Emenda de erros.

● **O día do sorteo será o 9 de xullo ás 12.00 horas.** As listaxes de admitidos/as estarán expostas o día 10 de xullo.

● **O 10 de xullo** publicaranse as datas de pagamento e a data da reunión de grupo na que é obrigatoria a presenza das persoas admitidas.